

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN FÍSICA - 3º ESO

1. REFERENCIAS DA NORMATIVA

As especificacións que podemos atopar referentes á publicación das programacións didácticas están contidas na Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022 (art. 16 ap. 7) e na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar (art. 4 ap. 5), que indican:

Os centros docentes, baixo a responsabilidade da súa dirección, deberán facer públicas as programacións didácticas co obxecto de facilitar o seu coñecemento por parte da comunidade educativa.

Asemade, recóllese na Orde do 26 de maio de 2023 a obriga de informar sobre os aspectos da programación didáctica o alumnado e, de ser o caso, os pais ou as persoas titoras legais.

Na Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023-2024, no art. 20 ap. 3.

2. OBXECTIVOS

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
1	UD3		UD2.5	UD4	UD2-4			
2					UD4-5		UD2-3	
3	UD5	UD3			UD1,3,5	UD3		
4		UD3				UD2-3		UD1,2,3,4
5			UD5			UD4	UD1-3	

Obxectivo 1-Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias e así mellorar a calidade de vida.

Obxectivo 2-Adaptar, con progresiva autonomía, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas.

Obxectivo 3-Compartir espazos de práctica físico- deportiva priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia.

Obxectivo 4- Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións.

Obxectivo 5-Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.

COMPETENCIAS:

CCL-Competencia en comunicación lingüística

CP- Competencia plurilingüe

STEM (Science, Technology, Engineering and Mathematics)-Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría

CD- Competencia Dixital
CPSAA- Competencia persoal, social e de aprender a aprender
CC- Competencia Cidadá
CE- Competencia emprendedora
CCEC- Competencia en conciencia e expresións culturais

3. UNIDADES DIDÁCTICAS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

UD1- Actuamos ante un accidente (2ºT)
UD2- Aprendemos a adestrar (1ºT)
UD3- Xogamos con implemento (1ºT)
UD4- Iniciámonos na defensa persoal (3ºT)
UD5- Exprésome e transmito (2ºT)
UD6- Acrosport (1ºT)
UD7- Practicamos un deporte colectivo (2ºT)
UD8- Posibilidades do meu concello (3ºT)
UD9- Practicamos un deporte urbano (3ºT)

Material deportivo vario para levar a cabo as UD. Aula Virtual (con apuntamentos teóricos). Outras ferramentas dixitais, aplicacións...

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A Programación Didáctica consta de 9 UD. As UD. están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que se impartirán 3 UD por trimestre.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun **peso orientativo global igual ou superior a 5**. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.

A cualificación de **cada trimestre**, obterase calculando a **media aritmética** ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.

A cualificación da **avaliación final** da materia, obterase calculando a **media aritmética** ponderada das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral.

O **valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10**, redondeando á unidade máis próxima, (ata .4 cara abaixo e dende .5 cara arriba), e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 5 ou superior.

5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente. As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos.

Ao ser unha **materia eminentemente práctica**, o procedemento de avaliación máis empregado será a **observación directa** a través de diversos instrumentos, principalmente **rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración**, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesiões, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.

Para a avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas.

6. SISTEMA DE RECUPERACIÓN

Para recuperar as UD. non superadas: Rematada a UD proporase ao alumnado que non a superou actividades de recuperación, supervisadas, avaliadas e cualificadas polo profesorado en sesións de tutoría previa cita. Poderanse propor a realización de probas escritas. De non superala, quedará pendente de recuperar . **Para recuperar a avaliación trimestral:** O alumnado deberá recuperar so as UD. que non teña superadas. O profesorado propondrá actividades de recuperación ao alumnado supervisadas, avaliadas e cualificadas en sesións de tutoría previa cita. Poderanse propor ao alumnado a realización de probas escritas. **Para superar a avaliación final:** Ao alumnado con algunha avaliación trimestral non superada, recibirá un plan de recuperación e realizará as actividades propostas antes avaliación final. Esas actividades serán avaliadas e cualificadas por observación directa do profesorado. O alumnado que non recuperou algunha avaliación trimestral, deberá superar nunha proba final extraordinaria os mínimos de consecución non superados. A proba será preferentemente práctica, aínda que poderanse propor probas escritas.

Para mellorar a nota na avaliación final: O alumnado que desexe mellorar a súa cualificación, recibirá un plan de mellora. Neste plan priorizaranse os contidos con peor cualificación ou non superados nas diferentes UD. As actividades propostas serán acordadas entre a docente e o alumnado. No caso de que o alumnado supere as actividades de reforzo propostas no plan, incrementarase a súa cualificación nas UU.DD. correspondentes e calcularase de novo a cualificación final da materia.